

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DO DOUS MIL NOVE.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. Olga María Méndez Carro, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

AUSENCIAS CON EXCUSA

D^a. M^a. del Carmen Gueimunde González

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de maio do dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde índicase á Secretaria Accidental que dea lectura á excusa presentada pola Concelleira, D^a. María del Carmen Gueimunde González que, literalmente, dí:”.

“COMUNICA

Que excusa su asistencia a la sesión plenaria a celebrar el día 25 de mayo de 2009 y para la que ha sido oficialmente convocada, por coincidir dicho acto con otro de una comisión del Senado a la que pertenece y para la cual había sido convocada con anterioridad a la convocatoria del pleno municipal.

Que para cualquier cuestión relacionada con los asuntos que van a ser tratados en la sesión plenaria municipal estará a disposición de esta Alcaldía a través de su teléfono móvil a cualquier hora, salvo lógicamente si coincide con el horario de la comisión del Senado.”

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, maniféstase que o que dí a Sr^a. Concelleira, non é certo, xa que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación están fixadas por decreto, cunha periodicidade mensual, cun horario de sesións, do que ten coñecemento a Sr^a. Senadora, e referente a tratar calquera cuestión do Pleno a través do teléfono móbil... Remata dicindo o Sr. Alcalde, que se olvidou de deixar o número., pero non sabe si o tén o Voceiro do seu Grupo

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS: ORDINARIA DO DÍA 27 DE ABRIL DO 2009.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2009, producíndose as seguintes:

Polo Sr. Tenente de Alcalde e Delegado de Facenda, D. Rafael Luis Fernández Amor, indica non estar conforme co recollido no “Segundo punto” da dita acta.

A seguir, polo Voceiro do Partido Popular, faise a aclaración a Acta e dí que o punto número dous, sobre aprobación inicial de transferencia de crédito para atender a diversos gastos, está mal redactado, había advertencia do Sr. Interventor, que non se recolle e na intervención que se produxo, decíase tamén, si quedaba partida dotada para cubrir os gastos ou non...?

A continuación o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, fai mención a que se falou, segundo sentenza, de non dar información á oposición, cousa que neste intre, xa se pode dar información, segundo a disposición establecida.

Seguidamente o Voceiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí el xa advertíu na súa intervención que fixo no último Pleno do ano 2003 de que se “Prorroque a suspensión de as licencias”...para que dera tempo de aprobar o Plan, e que non querdara esquecido como así quedou...Ademais, fixo fincapé na situación en que quedaría o pobo de Viveiro sen o correspondente Plan de Urbanismo. Remata, dicindo que no devandito Pleno tamen estaba o Concelleiro do PP, Sr: Leal e o Concelleiro, Sr. García Paz.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezaséis), acorda prestar aprobación á citada acta coas mencionadas observacións.

- EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE MAIO DO 2009.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntaselles aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 11 de maio do 2009,

Non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezaséis), acorda aprobar a dita acta.

2º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA APOIANDO AS REIVINDICACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS AGRARIAS E AS COOPERATIVAS GALEGAS PARA SALVAR DA CREBA AO SECTOR LÁCTEO GALEGO.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezaséis), o que supón maioría absoluta, acorda aprobar a dita moción da Alcaldía que, transcrita, literalmente, dí:

“MOCIÓN DA ALCALDÍA APOIANDO AS REIVINDICACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS AGRARIAS E AS COOPERATIVAS GALEGAS PARA SALVAR DA CREBA AO SECTOR LÁCTEO GALEGO

ANTECEDENTES:

Tendo en conta que as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA presentaron no Rexistro Municipal, con núm. de rexistro de entrada 3079/2009, o escrito adxunto, solicitando o debate e aprobación polo Pleno da moción nel incluída.

Tendo en conta que a data do rexistro é o 05/05/09 e que no punto 1 dos acordos se fai referencia ao apoio do goberno municipal de cara á manifestación convocada para o pasado 8 de maio nas comarcas galegas, polo que xa non procede incluír este apartado no texto a debatir no pleno.

Por todo o exposto é polo que se presenta, para ser debatida e aprobada polo Pleno Municipal, a moción que a continuación se recolle:

EXPOSICIÓNS DE MOTIVOS:

O sector lácteo ten unha gran importancia económica e social en Galicia ata o punto de que o 50% dos concellos rurais de Galicia dependen economicamente da produción do leite. A poboación de Galicia vinculada económica e socialmente a este sector cífrase nos 500.000 habitantes, xerando un emprego superior aos 100.000 postos de traballo directos, indirectos e inducidos.

As organizacións agrarias profesionais UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRA-

RIAS, AGACA, consideramos que estes empregos están realmente en perigo, caso de que Galicia non poida soste a súa capacidade de produción de leite. No ano 2008 o sector lácteo produciu 2.246.941.600 litros de leite xerando un volume de negocio de 830 millóns de euros, só en produción de leite.

A finais do ano 2008, e ante as malas noticias de orde económico xeral, a Gran distribución iniciou unha estratexia de redución de prezos ao consumidor, mediante o impulso da chamada “marca branca” (actualmente o peso das marcas de distribución estímase no 54% en volume para o leite líquido). Coa finalidade de forzar ao sector industrial de España, realizaron e realizan importacións de leite envasada de marca branca, limitando as compras á industria autóctona e provocando a baixada de prezos a todo o sector industrial.

Nesta crise de prezos, apreciamos o escaso apego ou preferencia que a Gran Distribución ten polos nosos produtos, moi ao contrario da distribución de outros países limítrofes, coma por exemplo Francia.

Neste senso, urxe que as administracións competentes poñan en marcha políticas e mecanismos para que os produtores e transformadores equiparen o seu peso nas decisións do mercado á Gran Distribución que opera en España, para unha racionalización das importacións-exportacións e do mercado.

Para pór freo a esta situación inmoral que está a pór en risco de creba a todo o sector primario en Galicia e con el ao modelo socioeconómico que na actualidade garante que o 80% do territorio non se converta nun deserto demográfico, as organizacións profesionais agrarias UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, apelamos á responsabilidade tanto das industrias, para que deixen de saturar o mercado con importacións masivas de leite porque tamén eles van saír moi prexudicados desa política comercial, como das administracións, para que fagan uso das súas competencias en materia de fronteiras para evitar prácticas comerciais ilegais, e para que apliquen de xeito inmediato medidas de intervención pública do sector.

Porque os gandeiros e gandeiras de Galicia somos os primeiros defensores das normas de mercado, pero sempre que se estructure en base a unhas leis de igual cumprimento para todos; normas que impidan converternos no sumidoiro do leite barato producido en Francia e comercializado en España mediante *dumping* para librarse de excedentes.

Unha situación que ten como agravante que o consumidor cando merca leite envasado en Galicia realmente non ten ningunha garantía de que non teña a súa orixe en calquera país da Unión Europea, o non existir ningún referente no envase á orixe e polo tanto á trazabilidade do produto.

Diante desta situación, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, decidimos convocar unha manifestación para o próximo 8 de maio nas comarcas galegas, para esixirlle tanto á Xunta como ao Ministerio medidas concretas que poñan freo a esta situación coa seguinte táboa reivindicativa:

1. Solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino a adopción de medidas tendentes a:
 - Garantir a recollida para todo o leite ao longo de todo o territorio a prezos dignos e remuneradores que cubran os custes de produción.
 - Plan estratéxico para o sector lácteo que contemple medidas económicas, fiscais e de refinanciamento da débeda, cunha dotación orzamentaria axeitada onde se recolla a situación real do sector e se apoie a súa sostenibilidade.
 - Medidas reguladoras das relacións comerciais entre produtores, industrias e distribución que impidan que as importacións de leite marquen o prezo do leite producido aquí.
 - Medidas que avancen na trazabilidade do produto, de tal xeito que o consumidor teña información acerca de onde foi producido o leite que está mercando.
 - Medidas de apoio ás cooperativas de subministro de leite que son unha ferramenta socioeconómica clave para articular aos gandeiros/as coa finalidade de reducir custes de produción, ser máis eficientes e mellorar a súa calidade de vida. Así como o forta-

leceamento da figura das Agrupacións de Produtores Agrarios (APAs) no seo das cooperativas.

- Coordinación do MARM coas Comunidades Autónomas dun programa de controis das prácticas anti-dumping a través dos Servizos Oficiais de Control correspondentes.
- Accións encamiñadas a lograr un maior equilibrio de forzas na cadea láctea que evite distorsións, fomentando a implantación dos instrumentos necesarios a fin de fortalecer a ordenación e concentración da oferta.

Polo exposto, solicítase ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Apoiar publicamente a campaña que neste sentido están realizando as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA de cara á manifestación celebrada o pasado 8 de maio nas comarcas galegas.
2. Trasladar ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino e á Consellería do Medio Rural o compromiso e o apoio da Corporación Municipal ás reivindicacións plantexadas polas organizacións agrarias e as cooperativas galegas para salvar da creba o sector lácteo galego. Así mesmo, facer pública a esixencia ao citado Ministerio e Consellería para que active medidas urxentes de choque que despexen as incertezas de futuro dos gandeiros e gandeiras de Galicia.”

Dar traslado deste acordo ao Secretario Xeral de Unións Agrarias (UU.AA.).

3º- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE TERREO DE FEVE PARA CREAR UNHA ZONA VERDE E DE OCIO PARA O CONCELLO DE VIVEIRO.

Polo Sr. Alcalde propónse deixar o asunto enriba da Mesa, ata que se aclare as zonas de deslinde de FEVE, debendo solicitarse a FEVE e ao Catastro.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda, de conformidade co disposto no artigo 92.1 de ROF, deixa-lo asunto sobre a Mesa, aprazando a súa discusión para unha próxima sesión.

4º.- PROPOSTA DE SEGREGACIÓN, PERMUTA E CESIÓN DUN LOCAL PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIVEIRO.

O Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, comeza a súa intervención expoñendo a proposta, consistente na cesión de uso de locais, segregación e permuta a Cáritas Interparroquial de Viveiro

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación municipal, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía e segundo informe da Técnico da Oficina Municipal do Casco Histórico de Viveiro, textualmente dí:

“ANTECEDENTES”

1.-DESCRIPCION DA FINCA:

” Coa data 16 de abril de 1993, asínase a cesión gratuita entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Viveiro para o local situado na planta semisótano, bloque 1, do grupo de 60 vivendas “San Lázaro” (Viveiro).

O local está enmarcado num complexo urbano composto de sesenta vivendas, cinco locais comerciais e dazaseis prazas de garaxe, distribidas en cinco bloques ou casas, cada un destes independentes pero unidos ós demais polo común disfrute do resto da finca non edificable que constitúe elementos comuns do complexo, radicante no punto do Río dos Foles, no termo municipal de Viveiro (Lugo) sitio coñecido por “Hospital de San Lázaro”.

O local sinalado está situado no bloque número un, en planta de semisótano e ocupa unha superficie útil de trescentos dez metros e noventa e sete decímetros cadrados. Linda por todos os ventos coa propia finca en que está enclavada este bloque e ademais coas escaleiras, oco de ascensor e cuarto de contadores.

A cota de participación é de dazanove enteiros trinta e oito centésimas por cento (19,38%) no edificio e sete enteiros vintecatro centésimas por cento (7,24%) no complexo.

Está rexistrado no tomo 649, Libro 252, folio 63, finca número 25.227.

A escritura de obra nova e propiedade horizontal foi outorgada ante Notario de Viveiro Don José María Gómez Varela, o día 12 de xaneiro de 1.990.

2.- Coa data 2 de maio de 2007, no Pleno do Concello de Viveiro, en sesión extraordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

Facer unha permuta e unha cesión, previa segregación en tres partes do local sito nos baixos do edificio de San Lázaro titularidade do Concello de Viveiro.

A permuta levaríase a cabo entregando CÁRITAS Diocesanas unha vivenda unifamiliar situada na Avd^a. de Lourdes, número 18.

A restante parte do baixo citado cederíase á mencionada entidade benéfica de conformidade co disposto no Regulamento de Bens.

PROPOSTA DE ACORDO A O PLENO MUNICIPAL

1.- O local comercial obxecto de permuta e cesión ten unha superficie útil segundo escritura de propiedade de 310.97 m².

2.- Logo de realizadas medicións no local obxecto de informe, pódese comprobar que a superficie e de 270,71 m².

3.- A vivenda sita na Avda. de Lourdes nº 18 propiedade de Caritas Diocesanas será permutada polo local sinalado nos planos que se presentan co presente informe como LOCAL nº 2. Dito local ten o acceso directamente desde a rúa. Ten unha superficie útil de 113, 81 m².

4.- O local sinalado nos planos adxuntos como LOCAL Nº 1, será cedido a Caritas Diocesanas polo tempo máximo legal permitido, dito local ten acceso directo desde a rúa. Ten unha superficie útil de 112,10 m².

5.- O resto do local (sinalado nos planos como LOCAL Nº. 3) seguirá sendo de propiedade municipal que ten unha superficie útil de 44,80 m².”

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sintatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo ao departamento de Obras e urbanismo para a súa tramitación, así como á Funcionaria-encargada do Inventario municipal de Bens e ao Arquitecto, D. Santiago Meitín Miguez.

5º.- APROBACIÓN DOS CONVENIOS QUE REGULAN AS RELACIÓNS ENTRE AS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E O CONCELLO PARA O ANO 2009.

Polo Sr. Concelleiro-delegado de deportes, D. Jesús Antonio Fernández Cal, dáse lectura da proposta da súa Concellería, así como da conta dos Convenios que regulan as relacións entre as Asociacións deportivas e o Concello para o ano 2009, que, textualmente, dín:

“

Proposta da Concellería de Deportes

- 1) El día 5 de Marzo de 2008 se aprobó por la Junta de Gobierno un convenio de colaboración entre este Ayuntamiento y la entidad deportiva Viveiro C.F.
El día 26 de ese mismo mes se aprobó, en Junta de Gobierno, los convenios con las siguientes entidades deportivas:

- Puerto de Celeiro, F.S.
- Cub de Baloncesto.
- Club Balonmano Viveiro.
- Sacido A.D.
- C.D. Egozarros
- Escuela de Fútbol Viveiro.
- A.D. San Roque
- Club Ciclista.
- Club de Piragüismo.
- Club Ajedrez Viveiro.
- Asociación Novas raíces de Galdo.

Dichos convenios estaban en vigor durante el año 2008 y sin posibilidad de prórroga para 2009.

- 2) El 21 de Junio de 2008 se constituyó en nuestro municipio una nueva Asociación deportiva, “Praia de Covas”, con fecha de inscripción en la Xunta de Galicia de 23 de Junio de ese año y nº de registro C-098002. Dicha Asociación se registró en este Ayuntamiento el 4 de Julio de 2008 con el nº 4620/08 y solicitó a esta Concejalía una subvención municipal para el desarrollo de sus actividades deportivas de la misma manera que las reciben el resto de Asociaciones. Es por ello, que esta Concejalía también escoge el sistema de convenio para habilitar una subvención a la mencionada entidad.
- 3) La aportación del Ayuntamiento que se propone para el 2009 sería:
 - Viveiro, C.F.- 36.000€
 - Club del mar A Mariña F.S.(Pto. Celeiro, F.S.).- 26.568€
 - Sacido A.D.- 6.500€
 - Asociación Novas raíces de Galdo.- 9.000€
 - Club Balonmano Viveiro.- 14.000€
 - Club de Piragüismo.- 2.900€
 - Club Ciclista.- 4.800€
 - Escuela de Fútbol Viveiro.- 8.366€
 - A.D. San Roque.- 7.000€
 - Club Ajedrez Viveiro.- 3.700€
 - Cub de Baloncesto.- 5.500€
 - C.D. Egovarros.- 4.500 €
 - Asociación Praia de Covas.- 4.000€

La cuantía final se concretará en función de las cantidades debidamente justificadas.

- 4) Los municipios para la gestión des sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover toda clase de actividades y prestar cuantos servicios públicos contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal.

- 5) El Concello de Viveiro, para dar continuidade a la línea de colaboración con las anteriores entidades, y en aras del desarrollo de toda actividad deportiva habilita una subvención con cargo a la partida 452-48900.

Por todo lo anterior, esta Concejalía propone al Pleno aprobar los convenios con los textos que se acompañan :

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A ENTIDADE DE DEPORTIVA “ VIVEIRO, C.F.”

No Concello de Viveiro, o día **XXXXXXXX** do 2009,

REUNIDOS

Dunha parte, don Melchor Roel Rivas, con NIF núm. 32626871Z

Doutra, don Domingo González López, con NIF núm. 52954395T

INTERVENEN

O primeiro, na súa condición de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro, asistido pola Secretaria Xeral da Corporación, Dna. **xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx**.

O segundo en nome e representación da asociación “Viveiro Club de Fútbol”, con CIF núm. G27146216, con domicilio na Avda. de Vilalba, s/n, Covas e inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, o cal manifesta non estar inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas.

Ámbalas dúas partes, tendo e recoñecéndose mutuamente, na respectiva condición en que comparacen, capacidade legal para outorgar o presente convenio, libremente o asinan cos antecedentes seguintes:

ANTECEDENTES

1. O Concello de Viveiro vén colaborando no desenvolvemento da actividade deportiva da sociedade “VIVEIRO, C.F.” mediante as subvencións municipais anuais e outro tipo de axudas indirectas que se cifran na cesión GRATUITA da instalación deportiva denominada “Estadio Municipal de Cantarrana”, así como noutro tipo de apoios. Polo anterior estímase como máis convinte evitar o réxime de concorrencia que debe presidir as subvencións públicas, e escóllese o sistema de convenio.
2. O Concello de Viveiro é consciente de que, por participar en categorías estatais, a entidade deportiva ten que realizar unha serie de gastos excepcionais durante o exercicio 2009 . Por ese motivo e para darlle continuidade á liña de colaboración que vimos mantendo, habilita unha subvención a xustificar cos gastos realizados no presente ano 2009. Dita subvención , con cargo a partida presupuestaria 452-48900 do orzamento vigente de 2009 que se enco-

ntra prorrogado na actualidade, é para apoiar á citada entidade deportiva sempre e cando esta entidade manteña equipos de base.

3. A entidade “VIVEIRO, C.F.” concorda co Concello en que ese apoio económico tamén debe revertir no conxunto dos veciños e veciñas de Viveiro.

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello de Viveiro aportará á entidade deportiva “VIVEIRO, C.F.” a cantidade de 36.000 € en concepto de subvención municipal ó desenvolvemento da súa actividade para o ano 2009.

Ademais o Concello de Viveiro, cede de forma gratuita as instalacións do estadio municipal de Cantarrana para xogar os seus partidos oficiais, así como as do “Novo Estadio Municipal” para a realización dos adestramentos, sempre dentro dos horarios establecidos pola Delegación de Deportes para todos os colectivos.

Da citada cantidade aprobada poderá ser adiantada mediante anticipo, o 75%. Isto é así pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada (inscrición na federación, arbitrxes, desprazamentos, materiais deportivos etc..)

Segunda.- En reciprocidade, a entidade deportiva comprométese a:

-Facer consta-la colaboración do Concello de Viveiro, en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será obrigatoriamente en lingua galega.

-Que o equipo senior da entidade dispute nas datas e instalacións que determine o Concello de Viveiro (tanto a propia iniciativa como a petición das entidades), UN partido dentro do termo municipal e sempre e cando non altere ou interfira o ritmo normal de competición.

Terceira.- Antes do pago da subvención a asociación conveniada deberá acreditar non ser debedor da Facenda Pública e de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. A aprobación deste convenio pola entidade deportiva suporá a autorización ó Concello para comprobar telemáticamente os aspectos anteriores de acordo cos convenios en vigor ratificados coa AEAT e Tesorería Xeral da Seguridade Social. Asemesmo deberá acreditar o cumprimento das obrigas establecidas en anteriores convenios de non cumprilas con anterioridade.

Cuarta.- A asociación deberá de comunicar ao Concello de Viveiro a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, provintes doutras Administracións e Entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

Quinta.- Este convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2009. Non poderá ser prorrogado.

Sexta.- A sinatura deste convenio é incompatible coas outras subvencións municipais que lle puideran corresponder ó equipo conveniado, non así ó resto de equipos de base da entidade.

Séptima.- A entidade conveniada comprométese a realizar en lingua galega toda a súa publicidade, por megafonía e outros medios.

Oitava.- A xustificación dos gastos fárase antes do 31 de decembro do ano 2009, e conforme co establecido no Título III, da Ordenanza Xeral de Concesión de Subvencións do Concello de Viveiro.

Novena.- O conveniado comprométese a obrigación de someterse a mecanismos de control e mesmo si procede ó reintegro dos importes percibidos, en caso de incumprimento das condicións estipuladas no presente convenio, ou de non xustificación dos gastos, que nese caso terán carácter de ingresos de dereito público .

Décima.- Un mes antes de que expire o prazo de vixencia do convenio, ámbalas dúas partes hanse reunir de novo para establecer futuros marcos de colaboración.

Undécima.- Este convenio ten carácter administrativo, polo que se rexerá, no non especificamente previsto no presente convenio, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e su Regulamento RD 887/2006 de 21 de Xulio de 2006, e á normativa estatal de réxime local, contida fundamentalmente na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Así mesmo, axústanse á normativa autonómica que en cada caso resulte de aplicación, as Bases de Execución do orzamento municipal, e en especial á Ordenanza Xeral Reguladora da Concesión de Subvencións do Concello de Viveiro.

O presente convenio é de natureza administrativa. Contra as resolucións que se dicten no desenvolvemento deste contrato, o interesado poderá recorrer en defensa dos seus dereitos perante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, o presente convenio, no lugar e data da cabeceira.

O Alcalde de Viveiro

O Presidente do Viveiro, C.F.

D. Melchor Roel Rivas.

D. Domingo González López

A Secretaria”

“

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A ENTIDADE DE DEPORTIVA “A.D. SAN ROQUE”

No Concello de Viveiro, o día **XXXXXXXX** do 2009,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Melchor Roel Rivas, con NIF núm. 32626871Z

Doutra, D. Pedro Esmoris Garcia, con NIF núm. 33994279 A

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade xurídica suficiente para establecer este convenio.

INTERVENEN

O primeiro, na súa condición de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro, asistido pola Secretaría Xeral da Corporación, **XXXXXXXXXXXXXX**

O Segundo en nome e representación da asociación “A.D. SAN ROQUE”, con CIF nº G27268671, con domicilio en Antonio Bas, 9-2ºC-Viveiro, e inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, o cal manifesta non estar inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas.

Ámbalas dúas partes, tendo e recoñecéndose mutuamente, na respectiva condición en que comparecen, capacidade legal para outorgar o presente convenio, libremente o asinan cos antecedentes seguintes:

ANTECEDENTES

4. O Concello de Viveiro vén colaborando no desenvolvemento da actividade deportiva da sociedade “A.D. SAN ROQUE” mediante as subvencións municipais anuais e outro tipo de axudas indirectas que se cifran na cesión prioritaria e GRATUITA das instalacións deportivas do Concello, así como noutro tipo de apoios. Polo anterior estímase como máis convinte evitar o réxime de concurrencia que debe presidir as subvencións públicas, e escóllese o sistema de convenio.
5. O Concello de Viveiro é consciente de que, por participar en categorías estatais, a entidade deportiva ten que realizar unha serie de gastos excepcionais durante o ano 2008 Por ese motivo e para darlle continuidade á liña de colaboración que vimos mantendo, habilita unha subvención a xustificar cos gastos realizados no ano 2009. Dita subvención , con cargo a partida presupuestaria 452-48900 do orzamento municipal de 2009 que se encontra prorrogado na actualidade, é para apoiar á citada entidade deportiva sempre e cando esta entidade manteña equipos de base.
6. A entidade “A.D. SAN ROQUE” concorda co Concello en que ese apoio económico tamén debe revertir no conxunto dos veciños e veciñas de Viveiro.

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello de Viveiro aportará á entidade deportiva “A.D. SAN ROQUE” a cantidade de 7.000 € en concepto de subvención municipal ó desenvolvemento da súa actividade durante o ano 2009 .

Da citada cantidade aprobada poderá ser adiantada mediante anticipo, o 75%. Isto é así pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada (inscrición na federación, arbitaxes, desprazamentos, materiais deportivos etc..)

Segunda.- En reciprocidade, a entidade deportiva comprométese a:

-Facer consta-la colaboración do Concello de Viveiro, en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será obrigatoriamente en lingua galega.

-Que os equipos da entidade disputen as probas organizadas ou patrocinadas polo Concello, referidas a súa actividade, sempre e cando nol altere ou interfira o ritmo normal da competición.

Terceira.- Antes do pago da subvención a asociación convenida deberá acreditar non ser debedor da Facenda Pública e de estar o día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. A aprobación deste convenio pola entidade deportiva suporá a autorización ó Concello para comprobar telemáticamente os aspectos anteriores de acordo cos convenios en vigor ratificados coa AEAT e Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Asemesmo deberá acreditar o cumprimento das obrigas establecidas en anteriores convenios de non cumprilas con anterioridade.

Cuarta.- A asociación deberá de comunicar ao Concello de Viveiro a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, provintes doutras Administracións e Entidades Públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

Quinta.- Este convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2009. Non poderá ser prorrogado.

Sexta.- A sinatura deste convenio é incompatible coas outras subvencións municipais que lle puidieran corresponder ó equipo conveniado, non así ó resto de equipos de base da entidade.

Séptima.- A entidade conveniada comprométese a realizar en lingua galega toda a súa publicidade, por megafonía e outros medios.

Oitava.- A xustificación dos gastos fázase antes do 31 de decembro do ano 2009 , e conforme co establecido no Título III, da Ordenanza Xeral de Concesión de Subvencións do Concello de Viveiro.

Novena.- O conveniado comprométese a obrigación de someterse a mecanismos de control e mesmo si procede ó reintegro dos importes percibidos, en caso de incumprimento das condicións estipuladas no presente convenio, ou de non xustificación dos gastos, que nese caso terán carácter de ingresos de dereito público .

Décima.- Un mes antes de expire o prazo de vixencia do convenio, ámbalas dúas partes hanse reunir de novo para establecer futuros marcos de colaboración.

Undécima.- Este convenio ten carácter administrativo, polo que se rexerá, no non especificamente previsto no presente convenio, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e su Regulamento RD 887/2006 de 21 de Xulio de 2006, e á normativa estatal de réxime local, contida fundamentalmente na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Así mesmo, axústanse á normativa autonómica que en cada caso resulte de aplicación, as Bases de Execución do orzamento municipal, e en especial á Ordenanza Xeral Reguladora da Concesión de Subvencións do Concello de Viveiro.

O presente Convenio é de natureza administrativa. Contra as resolucións que se dicten no desenvolvemento deste contrato, o contratista poderá recorrer en defensa dos seus dereitos perante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, o presente convenio, no lugar e data da cabeceira.

O Alcalde de Viveiro

O presidente da A.D.San Roque

D. Melchor Roel Rivas

D. Pedro Esmorís Garcia

A Secretaria”

“

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A ENTIDADE DE DEPORTIVA CLUB BALONCESTO VIVEIRO

No Concello de Viveiro, o día **XXX de XXXX do 2009**,

REUNIDOS

Dunha parte, don Melchor Roel Rivas, con NIF núm. 32626871 Z

Doutra, don **XX**

INTERVENEN

O primeiro, na súa condición de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro, asistido pola Secretaria Xeral da Corporación, **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX**

O segundo en nome e representación da asociación deportiva “Club Baloncesto Viveiro”, con CIF nº G 27349125 e domicilio social na Rúa Antonio Bas, 9-B 4º B 27850 de Viveiro e inscrita no Rexistro e Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co número C-09069, o cal manifesta non estar inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas.

Ámbalas dúas partes, tendo e recoñecéndose mutuamente, na respectiva condición en que comparacen, capacidade legal para outorgar o presente convenio, libremente o asinan cos antecedentes seguintes:

ANTECEDENTES

1. O Concello de Viveiro vén colaborando no desenvolvemento de actividades deportivas mediante as subvencións municipais anuais e outro tipo de axudas indirectas que se cifran na cesión GRATUITA da instalación deportiva denominada “PAVILLÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO”, para adestramentos e partidos oficiais, así como noutro tipo de apoios. Polo anterior estímase como máis convinte evitar o réxime de concorrencia que debe presidir as subvencións públicas, e escóllese o sistema de convenio.
2. O Concello de Viveiro é consciente de que, por participar en categorías estatais, a entidade deportiva ten que realizar unha serie de gastos excepcionais durante o ano 2009. Por ese motivo, habilita unha subvención a xustificar cos gastos realizados no dito ano . Esta subvención , con cargo a partida presupuestaria 452-48900 do orzamento municipal de 2009 , que se encontra prorrogado na actualidade, é para apoiar á citada entidade deportiva sempre e cando esta entidade participe en actividades e competicións oficiais sen ánimo de lucro.
3. A entidade “Club Baloncesto Viveiro” concorda co Concello en que ese apoio económico tamén debe revertir no conxunto dos veciños e veciñas de Viveiro.

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello de Viveiro aportará á entidade deportiva “CLUB BALONCESTO VIVEIRO” a cantidade de 5.500 € en concepto de subvención municipal ó desenvolvemento da súa actividade para o ano 2009.

Ademais o Concello de Viveiro, cede as intalacións do Pavillón Municipal, para que o Club Baloncesto Viveiro xogue os partidos oficiais no mesmo así como para a realización dos correspondentes adestramentos, sempre dentro dos horarios establecidos pola Delegación de Deportes do Concello. Da citada cantidade aprobada poderá ser adiantada mediante anticipo o 75%. Isto é así pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada (inscrición na federación, arbitrxes, desprazamentos, materiais deportivos etc..)

Segunda.- En reciprocidade, a entidade deportiva comprométese a:

-Facer consta-la colaboración do Concello de Viveiro, en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será obrigatoriamente en lingua galega.

-Que o equipo senior da entidade dispute nas datas e instalacións que determine o Concello de Viveiro (tanto a propia iniciativa como a petición das entidades), UN partido dentro do termo municipal e sempre e cando non altere ou interfira o ritmo normal de competición.

Terceira.- Antes do pago da subvención a asociación conveniada deberá acreditar non ser debedor da Facenda Pública e de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. Ase mesmo deberá acreditar o cumprimento das obrigas establecidas en anteriores convenios de non cumprilas con anterioridade.

Cuarta.- A asociación deberá de comunicar ao Concello de Viveiro a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, provintes doutras Administracións e Entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

Quinta.- Este convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2009. Non poderá ser prorrogado.

Sexta.- A sinatura deste convenio é incompatible coas outras subvencións municipais que lle puideran corresponder ó equipo conveniado, non así ó resto de equipos de base da entidade.

Séptima.- A entidade conveniada comprométese a realizar en lingua galega toda a súa publicidade, por megafonía e outros medios.

Oitava.- A xustificación dos gastos fárase antes do 31 de decembro do ano 2009, e conforme co establecido no Título III, da Ordenanza Xeral de Concesión de Subvencións do Concello de Viveiro.

Novena.- En caso de incumprimento das condicións estipuladas no presente convenio, ou de non xustificación dos gastos o conveniado comprométese a obrigación de someterse a mecanismos de control e mesmo si procede ó reintegro dos importes percibidos, que nese caso terán carácter de ingresos de dereito público .

Décima.- Un mes antes de que expire o prazo de vixencia do convenio, ámbalas dúas partes hanse reunir de novo para establecer futuros marcos de colaboración.

Undécima.- Este convenio ten carácter administrativo, polo que se rexerá, no non especificamente previsto no presente convenio, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e su Regulamento RD 887/2006 de 21 de Xulio de 2006, e á normativa estatal de réxime local, contida fundamentalmente na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Así mesmo, axústanse á normativa autonómica que en cada caso resulte de aplicación, as Bases de Execución do orzamento municipal, e en especial á Ordenanza Xeral Reguladora da Concesión de Subvencións do Concello de Viveiro.

O presente convenio é de natureza administrativa. Contra as resolucións que se dicten no desenvolvemento deste convenio, o interesado poderá recorrer en defensa dos seus dereitos perante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, o presente convenio, no lugar e data da cabeceira.

O Alcalde de Viveiro

O Presidente de Club Baloncesto Viveiro

D. Melchor Roel Rivas.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

A Secretaria”

“

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A ENTIDADE DE DEPORTIVA “CLUBE BALONMÁN VIVEIRO”

No Concello de Viveiro, o día **XXXXXXXXX do 2009,**

REUNIDOS

Dunha parte, don Melchor Roel Rivas, con NIF núm. 32626871Z

Doutra, don Enrique Villares Bermúdez, con NIF núm. 76564389B

INTERVENEN

O primeiro, na súa condición de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro, asistido pola Secretaria Xeral da Corporación, **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX..**

O segundo en nome e representación da asociación “Clube Balonman Viveiro”, con CIF nº G27117108, con domicilio en Edif.. Verxeles, 1-6º G de Viveiro e inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, o cal manifesta non estar inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas.

Ámbalas dúas partes, tendo e recoñecéndose mutuamente, na respectiva condición en que comparacen, capacidade legal para outorgar o presente convenio, libremente o asinan cos antecedentes seguintes:

ANTECEDENTES

1. O Concello de Viveiro vén colaborando no desenvolvemento da actividade deportiva da asociación CLUBE BALONMANO VIVEIRO, mediante as subvencións municipais anuais e outro tipo de axudas indirectas que se cifran na cesión GRATUITA da instalación deportiva denominada “PAVILLÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO”, para adestramentos e partidos oficiais, así como noutro tipo de apoios. Polo anterior estímase como máis convinte evitar o réxime de concorrencia que debe presidir as subvencións públicas, e escóllese o sistema de convenio.
2. O Concello de Viveiro é consciente de que, por participar en categorías estatais, a entidade deportiva ten que realizar unha serie de gastos excepcionais durante o ano 2009. Por ese motivo e para darlle continuidade á liña de colaboración que vimos mantendo habilita unha subvención a xustificar cos gastos realizados no dito ano. Esta subvención, con cargo a partida presupuestaria 452-48900 do orzamento municipal de 2009, que se encontra prorrogado na actualidade, é para apoiar á citada entidade deportiva sempre e cando esta entidade manteña equipos de base.
3. A entidade “CLUBE BALONMAN VIVEIRO” concorda co Concello en que ese apoio económico tamén debe revertir no conxunto dos veciños e veciñas de Viveiro.

CLAUSULAS

Primeira- O Concello de Viveiro aportará á entidade deportiva “CLUBE BALONMAN VIVEIRO” a cantidade de 14.000 € en concepto de subvención municipal ó desenvolvemento da súa actividade para o ano 2009.

Ademais o Concello de Viveiro, cede as intalacións do Pavillón Municipal, para que o Clube Balonmán Viveiro xogue os partidos oficiais no mesmo así como para a realización dos correspondentes adestramentos, sempre dentro dos horarios establecidos pola Delegación de Deportes do Concello.

Da citada cantidade aprobada poderá ser adiantada mediante anticipo o 75%. Isto é así pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada (inscrición na federación, arbitaxes, desprazamentos, materiais deportivos etc..)

Segunda.- En reciprocidade, a entidade deportiva comprométese a:

-Facer consta-la colaboración do Concello de Viveiro, en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será obrigatoriamente en lingua galega.

-Que o equipo senior da entidade dispute nas datas e instalacións que determine o Concello de Viveiro (tanto a propia iniciativa como a petición das entidades), UN partido dentro do termo municipal e sempre e cando non altere ou interfira o ritmo normal de competición.

